

os valores do *que* e do *se*

1.OS VALORES DO QUE.

Temos dúas formas homónimas: unha pertence á categoría dos pronomes e a outra á das conxuncións.

QUE	Funcións	Exemplos
PRONOME	relativo	<i>Esta foi a rúa en que nacín.</i> <i>As bailarinas que din a verdade son as dos ollos grandes.</i> <i>Marta deu a solución que poucos agardaban.</i> <i>Os que aproben todo irán de excursión.</i>
	interrogativo	<i>Que queres? Por que o fixeches?</i>
	exclamativo	<i>Que lugar máis fermoso visitamos! Que medo pasei!</i>
CONXUNCIÓN	completiva	<i>Cibrán pensaba que hoxe non había clase.</i> <i>Gustárame que viñeses connosco a fin de semana.</i> <i>Avisounos que viría.</i>
	causal	<i>Chamoume Xoán, que chegaba antes.</i> <i>Non mo contes, que xa o sei todo.</i>
	consecutiva	<i>Cheguei tan tarde que non había ninguén.</i>
	concesiva	<i>que veña, que non veña [= veña ou non veña, 'aínda que non veña'],</i>
	comparativa	<i>Apañaron máis patacas que cebolas.</i>
	final	<i>Avisoume que lle trouxeche os discos.</i>
	disxuntiva	<i>Que acepte, que non acepte, a nós non debe preocuparnos.</i>
	distributiva	
	copulativa	<i>dálle que dálle</i>
	nexo da perífrase verbal	<i>Teño que descansar máis.</i>
Locucións conxuntivas	Esta debe ser analizada como un todo: <i>aínda que, en caso de que, a pesar de que, de modo que, por máis que, a fin de que, a menos que...</i> <i>Ela deu coa solución, malia que o problema era complicado.</i>	

Os valores do *que* e do *se*

2.OS VALORES DO SE.

Hai dúas formas homónimas “se” que non debemos confundir: o pronome e a conxunción.

SE	Funcións	Exemplos
PRONOME	<p>reflexividade</p> <p>Indicando coincidencia entre o axente e paciente da acción.</p>	<p>(el) queimouse (a sí mesmo) e tivo que ir ao médico de garda.</p> <p>A piques de chegar, mancouse e non puido continuar.</p>
	<p>Reflexivas: constituídas por un suxeito axente e paciente máis predicado A persoa que realiza a acción tamén a recibe: <i>María vestíuse axiña</i>. En galego as reflexivas indirectas son incorrectas, agramaticais: * <i>O home lavouse as mans. / o home lavou as mans.</i></p>	
	<p>Verbos pronominais conxugados en P3 que só admiten a construción reflexiva.</p>	<p><i>O neno quéixase de vicio.</i></p>
	<p>Tamén existen verbos que varían o seu significado ou a súa construción segundo sexan reflexivos ou non.</p> <p>Formante léxico</p>	<p><i>O poeta Aurelio Aguirre afogouse nunha praia da Coruña (suicidouse) / Case afoga coa carabuña.</i></p> <p><i>Rir /rirse</i></p> <p><i>Hoxe acordaron cedo/ Hoxe acordáronse de que era o teu aniversario.</i></p>
	<p>Pasivas reflexas</p> <p>Cun suxeito paciente que concorda co verbo, para indicar a indeterminación do axente.</p>	<p><i>Nesas hortas plántase millo.</i></p> <p><i>Nestas hortas plántanse patacas.</i></p> <p><i>Na horta botouse centeo / botáronse grelos.</i></p> <p><i>Construíuse unha ponte na illa.</i></p>
	<p>Activas impersonais</p> <p>Sempre co verbo en P3 do singular e cun paciente indicado no CD.</p>	<p><i>Alúgase apartamento (s) na temporada de verán.</i></p> <p><i>Regálase can/ regálase cans.</i></p> <p><i>No parlamento falouse da cuota láctea.</i></p>
	<p>Recíprocas.</p> <p>Os dous axentes son á vez pacientes.</p>	<p><i>Anxo e Antía quérense cada vez máis.</i></p> <p><i>Xoán e Pedro escribense cartas.</i></p> <p><i>Helena e Xerome xa se falan de novo.</i></p>
CONXUNCIÓN	<p>completiva</p>	<p><i>Quero saber se rematastes.</i></p> <p><i>Non che preguntei se tiñas fame.</i></p> <p><i>Pregúntalle se vai ir á voda de Xurxo.</i></p>
	<p>comparativa</p>	<p><i>Chegou tan canso como se viñese andando.</i></p> <p><i>Por moito que lle berren sempre fai coma se non oíse.</i></p>
	<p>condicional</p>	<p><i>Aprobarei se estudo</i></p> <p><i>Irei á praia se me dá tempo</i></p>

Os valores do *que* e do *se*

Indica os valores do SE

1. Paulo e Manuel pegáronse.
2. Queimouse?
3. Se non teño vacacións no verán, tereinas no Nadal.
4. Nin se inmutou.
5. Neste lugar trabállase ben.
6. Véndese automóbil antigo.
7. Non sei se se foi ou non se foi.
8. Danse clases particulares de chinés.
9. Agarda por min á saída, se non teño medo.
10. Atreveuse a facelo.
11. Cortáronse vinte piñeiros.
12. Pintouse demasiado e chamaba a atención.
13. Ela sempre se porta ben con nós.
14. Non fai máis que queixarse.
15. Aínda se escriben cartas de amor moi a miúdo.

Indica os valores do QUE

1. A rapaza estaba tan leda que tivo que facer grandes esforzos por disimular o que non quería que se soubese.
2. Que pensa facer mañá?
3. Que medo pasei!
4. Esa é a casa na que nacín.
5. Os que teñan présa que saian en primeiro lugar.
6. Non me mintas que xa o sei todo.
7. Hai que deixarse de contos.
8. Esixo que chegues a túa hora.
9. Lembrouse de que non trouxera os libros.
10. Aínda que te apures, non vas chegar a súa hora.
11. Por que non vés con nós ao concerto?
12. Ese rapaz ten máis anos que aquel de alí.
13. Vou de viaxe así que non me chames estes días.
14. Dálle que dálle!
15. Con tal de que non corras, espérote.

Os valores do *que* e do *se*

1. Indica cales son os valores de “que” e “se” nas seguintes oracións:

- Chamoume Lúa , que chegaba tarde.
- Se atopas a Henrique dille que teño que falar con el.
- Suso e Carlos enfadáronse por nada e se non falan non o aclararán.
- Que pretendes con iso? Esperas que che arranxen os demais os teus problemas?
- Sei que vai vir, que me mandou unha mensaxe.
- Carlos séntese mellor dende que fai deporte.
- Onte Gabriel queimouse e tivo que ir a urxencias.
- O filme que vimos esta fin de semana gustoume máis do que esperaba.
- Que medo papei coa treboada desta noite!
- Que veña, que non, nós iremos igual, que xa temos reservada a praza.
- Sempre está a chorar, como se fose un meniño.
- Dixéronme que se aluga apartamentos nesta zona.
- Estragouse o ordenador e agora non poderei rematar o traballo que teño que entregar mañá.
- Búscase un gato que desapareceu o venres.

2. Indica a función de todos os pronomes persoais do seguinte texto; sinala tamén todos os valores de “que” que aparecen.

–Non digo iso. O que opino é que todo o mundo ten unha vida. Calquera persoa coa que te cruces vén de vivir ou vai vivir algún episodio suxestivo, digno de figurar nos mellores libros. E non só eses heroes ou esas heroínas relambidas que protagonizan as lecturas. E sosteño que a realidade é múltiple e complexa, e todos os libros que se levan escrito non son máis ca unha parte pequena da estraña vida que vivimos cada día todos e todas. Iso é o que opino.

Vaia. Entón por que les?

–Por iso mesmo; porque os libros tamén existen, forman parte da vida. Uns mundos dentro doutros, iso é o que me marabilla deles. Este que estou lendo, por exemplo, *Vidas imaxinarias*. Relata as biografías dalgunhas persoas que existiron no pasado e sobre as cales non se sabe case nada. O autor invéntalles unha vida. Non foi real, ou talvez si o foi, non se pode saber. En calquera caso pasa a ser real desde que alguén o conta. Non che parece máxico?

Estás fodido, amigo.

E ti, Santos? Non me vais dicir cal é o episodio interesante da túa vida?

Xa cho dixen. Eu son dos personaxes máis vulgares que existen no planeta. Por iso bebo.

Manuel Lourenzo González, *O que é a vida*. (adaptado)

3. Indica os valores do “se”.

- Examinouse a si mesmo perante o espello.
- Os dous amigos axiña se abrazaron.
- Quéixase de vicio.
- O rapaz riuse do seu irmán.
- Acordáronse de que xa era moi tarde.
- O poeta Aurelio Aguirre afogouse nunha praia da Coruña.
- Acabáronse os víveres.
- Véndense apartamentos na Pobra do Caramiñal.
- Estúdase ben na biblioteca.
- Fálase moito de Fútbol.